



ANUNCIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO DE CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS (PROMOCIÓN INTERNA) DA O. E. P. DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 POLO PROCEDEMENTO CONCURSO – OPOSICIÓN (expediente nº 46473/220)

En data 01 de decembro de 2025 o Órgano de Selección, por unanimidade, polos motivos expostos no informe xurídico de data 27/11/2025, emitido pola Secretaría do Órgano dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, adoptou o seguinte **ACORDO**:

I.- DESESTIMAR a reclamación presentada por PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**) con Doc. nº 250338826, en data 24/11/2025.

II.- MODIFICAR de oficio a puntuación outorgada polo concepto “FORMACIÓN” na fase de concurso a PAULO BUJÁN PUENTES (02,90 puntos) restándolle 00,10 puntos, quedando fixada deste xeito:

APELIDOS	NOME	DNI	ANTIGÜIDADE	FORMACIÓN	TITULACIÓNS ACADÉMICAS	IDIOMA GALEGO	TOTAL
BUJÁN PUENTES	P.	***7840**	04,00	02,80	02,00	00,50	09,30

Unicamente contra este aspecto do acordo (punto II- rebaxe puntuación), **PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**)** poderá interpoñer **RECLAMACIÓN** no prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava (incidencias)(...)”.

A SECRETARIA
Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(data segundo sinatura dixital)

ASUNTO: INFORME XURÍDICO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS POLOS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS ASIGNADAS NA FASE DE CONCURSO DO PROCESO CONCURSO OPOSICIÓN CABO EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA DA O. E. P 2021-2021-2022 - 2ª FASE - DO CONCELLO DE VIGO (EXP. ADM. 46473-220)

Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Oitava (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 107, de 03/06/2024, que rexen o devandito proceso selectivo, emétese o seguinte **INFORME XURÍDICO** que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:25	Páxina 1 de 4
46473-220	CSV: ADA4DH-C6ADBD-5BD8DE-M4T93Q-M1XKRW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo sido publicadas en data 21 de novembro de 2025 na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais asignadas aos aspirantes polo Órgano de Selección na fase de concurso,

Dentro do prazo legal de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación dos devanditos anuncios, interpuxeron, en tempo e forma, reclamacións en relación coas puntuacións que lles foron provisionalmente asignadas o seguinte aspirante

- **PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**):**

Reclamación ao Proceso Selectivo Cabo Extinción Incendios, Promoción interna (Exp. Adm 46473-220), Doc. nº 250338826, data presentación reclamación 24/11/2025.

- *Alega:*

Solicita que se lle valore o Curso de formación denominado “Novas Tecnoloxías en Vehículos”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, cunha duración de 8 horas, e realizado en Vigo o día 05/12/2019. Achega co escrito de reclamación copia do título do devandito curso.

- *Motivación da proposta:*

Con data 27/04/2025 (Doc. nº 250096760), Don Paulo Buján Puentes presentaba solicitude para participar no concurso - oposición de Cabo Extinción Incendios pola quenda de promoción interna. Coa solicitude achegaba o aspirante un PDF que contiña os cursos de formación realizados, solicitando o aspirante que lle foran valorados. Ditos cursos de formación son os seguintes:

1. Curso de “Capacitación en soporte vital básico e uso de desfibriladores externos semiautomáticos DESA”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo** e impartido por PREVISIONOR S.L, cunha duración de 8 horas lectivas, e realizado en Vigo os días 15 e 16 de abril de 2019:..... **0,10 PUNTOS**
2. Curso de “Riscos e medidas preventivas no posto de bombeiro”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo**, cunha duración de 8 horas lectivas, e realizado en Vigo os días 4 e 5 de marzo de 2019: **0,10 PUNTOS**
3. Curso de “Intelixencia emocional no traballo, Xestión positiva de conflitos”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo**, cunha duración de 6 horas lectivas, e realizado en Vigo os días 6 e 7 de maio de 2019: **0,10 PUNTOS**
4. Curso de “Intelixencia emocional no traballo, Xestión positiva de conflitos”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo** e impartido por PREVISIONOR S.L, cunha duración de 6 horas lectivas, e realizado en Vigo os días 6 e 7 de maio de 2019: **XA PUNTUADO**
5. Curso de “Riscos da picadura da vespa velutina: actuacións dende o punto de vista de vixilancia da saúde”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo**, cunha duración de 2 horas lectivas, e realizado en Vigo o día 16 de abril de 2019: **0,10 PUNTOS**
6. Curso de “Técnicas de mobilización e inmovilización do paciente politraumatizado”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do **Concello de Vigo**, cunha duración de 5 horas lectivas, e realizado en Vigo o día 17 de abril de 2019: **0,10 PUNTOS**
7. “Taller práctico de autoprotección en intervencións acuáticas”, impartido pola Empresa SRF Profesional, cunha duración de 24 horas lectivas, e realizado os días 23-24-25 de abril de 2019:..... **0 PUNTOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:25	Páxina 2 de 4
46473-220	CSV: ADA4DH-C6ADBD-5BD8DE-M4T93Q-M1XKRW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8. Curso de “Lucha contra incendios industrial - reciclaje”, impartido por el Centro de Formación Integral de Emerxencias (SEGANOSA), cunha duración de 21 horas lectivas, e realizado entre os días 05/03/2013 e 07/03/2013:..... **0 PUNTOS**
9. Curso de “Básico de loita contra incendios forestais para o persoal que forma parte dos GRUMIR”, organizado pola Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Xunta de Galicia, cunha duración de 5 horas lectivas, e realizado o día 17 de xuño de 2010: **0,10 PUNTOS**
10. Curso de “Formación inicial para el uso de desfibriladores externos semiautomáticos en centros no sanitarios”, impartido pola empresa “Infórmame S.L” cunha duración de 8 horas lectivas, e realizado en Mos o día 12 de xuño de 2013: **0 PUNTOS**
11. Curso de “Control e extinción de incendios industriais”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 25 horas lectivas, e realizado en Salvaterra de Miño os días 2-3-4 de xuño de 2014: **0,20 PUNTOS**
12. Curso de “Control e extinción de incendios urbanos e de interiores”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 25 horas lectivas, e realizado en Salvaterra de Miño os días 19,20,21 de maio de 2014: **0,20 PUNTOS**
13. Curso de “Formador de formadores en Seguridad”, organizado pola Universidade Pontificia de Salamanca, cunha duración de 6 créditos, promoción outubro 2013: **0,10 PUNTOS**
14. Curso de “Soporte vital básico y primeros auxilios”, organizado pola semFYC, data 29/03/2014, duración 10 horas lectivas: **0 PUNTOS**
15. Curso de “Plan Autop Estaciones de viajeros”, organizado polo ente público **ADIF**, cunha duración de 3 horas lectivas, e realizado en Vigo o día 23-03-2015: **0,10 PUNTOS**
16. Curso de “Técnicas y sistemas de seguridad aplicables a la realización de trabajos en altura”, organizado por “Verticalia Servicios de Formación y Consultoría, S.L”, cunha duración de 10 horas lectivas, e realizado os días 21 e 22 de decembro de 2015: **0 PUNTOS**
17. Curso de “Práctico de control e extinción en incidentes con mercadorías perigosas”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 25 horas lectivas, e realizado en Salvaterra de Miño os días 5, 6 e 7 de maio de 2014: **0,20 PUNTOS**
18. Curso de “Accidentes na estrada”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 34 horas lectivas, e realizado en Nigrán do 26/04/2014 ao 10/05/2014: **0,40 PUNTOS**
19. Curso de “Gestión y coordinación emergencias petroquímicas”, impartido por el Centro de Formación Integral de Emerxencias (SEGANOSA), cunha duración de 21 horas lectivas, e realizado entre os días 17/09/2013 e o 19/09/2013: **0 PUNTOS**
20. Curso de “Rescate en zonas illadas para primeiros intervinientes”, impartido polo Concello de Mos-Agrupación Voluntarios Protección Civil cunha duración de 20 horas lectivas, e realizado entre os días 29/03/2014 e o 12/04/2014: **0,20 PUNTOS**
21. Curso “Básico de prevención de riscos laborais”, impartido polo ISSGA-Xunta de Galicia cunha duración de 35 horas lectivas,e realizado entre os días 17/06/2013 e o 21/06/2013: .**0,40 PUNTOS**
22. Curso de “Plan de emerxencia municipal-PEMU”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 28 horas lectivas, e realizado na Estrada os días 26-27-28-29 de maio de 2014 : **0,20 PUNTOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:25	Páxina 3 de 4
46473-220	CSV: ADA4DH-C6ADBD-5BD8DE-M4T93Q-M1XKRW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

23. Curso “Básico de Protección civil”, organizado pola **AGASP - Xunta de Galicia**, cunha duración de 20 horas lectivas, e realizado no Grove os días 17-18-24 de abril de 2010: **0,20 PUNTOS**

TOTAL 02,80 PUNTOS

Revisada a puntuación outorgada polo concepto “FORMACIÓN” na fase de concurso a **DON PAULO BUJÁN PUENTES (02,90 puntos)** cómpre modificala de oficio no sentido de restarlle 00,10 puntos por canto o curso de “Intelixencia emocional no traballo, xestión positiva de conflitos”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, cunha duración de 6 horas lectivas, e realizado en Vigo os días 6 e 7 de maio de 2019, foi valorado dúas veces ao estar presentado polo aspirante dobremente, diploma expedido polo Concello de Vigo e diploma expedido por PREVISIONOR S.L.

Na reclamación presentada solicita que se lle valore o Curso de formación denominado “Novas Tecnoloxías en Vehículos”, organizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo, cunha duración de 8 horas, e realizado en Vigo o día 05/12/2019. Achega co escrito de reclamación copia do título do curso.

Devandito curso non pode ser valorado por canto este mérito non foi alegado coa solicitude de participación dentro do prazo que fixaba a convocatoria deste proceso que finalizou o pasado 06 de maio de 2025, ás 0.00 horas, en virtude da Resolución de 02 de maio de 2025 ditada pola Concelleira Delegada de Xestión Municipal.

É Xurisprudencia consolidada (Vid. Tribunal Supremo, Sala 3ª, Contencioso-Administrativo, en su Sentencia de 04/02/2025 (rec. 288/2024), que os méritos deben alegarse e xustificarse en prazo e forma, cando se presente a instancia do concurso, sendo a subsanación nun concurso de méritos moi limitada, pois non se permite engadir méritos novos fora de prazo, de xeito extemporáneo, tan só se permite corrixir deficiencias da acreditación documental de méritos que xa se houberan alegado.

- *Proposta:*

I.- Desestimar a reclamación presentada por **PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**)** con Doc. nº 250338826, en data 24/11/2025.

II.- Modificar de oficio a puntuación outorgada polo concepto “FORMACIÓN” na fase de concurso a **PAULO BUJÁN PUENTES (02,90 puntos)** restándolle 00,10 puntos, quedando fixada deste xeito:

APELIDOS	NOME	DNI	ANTIGÜIDADE	FORMACIÓN	TITULACIÓNS ACADÉMICAS	IDIOMA GALEGO	TOTAL
BUJÁN PUENTES	P.	***7840**	04,00	02,80	02,00	00,50	09,30

Unicamente contra este aspecto do acordo (punto II- rebaxe puntuación), **PAULO BUJÁN PUENTES (DNI ***7840**)** poderá interpoñer **RECLAMACIÓN** no prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios segundo se establece na Base Xeral Décimo Oitava (*incidencias*).”

A SECRETARIA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
XEFA DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro
(Data segundo sinatura dixital que consta ao marxe)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/12/2025 14:25	Páxina 4 de 4
46473-220	CSV: ADA4DH-C6ADBD-5BD8DE-M4T93Q-M1XKRW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		